



# BARBANZA

## RUGBY CLUB

DOSSIER 2015

### 1.Directiva Barbanza rugby clube.

<b>CARGO</b>	<b>NOME</b>	<b>EXPERIENCIA DEPORTIVA</b>
Presidente	Narciso Pérez	-Arbitro territorial federación galega rugby. -Xogador de Barbanza rc -Xogador Ingleses rc -Xogador mareantes Pontevedra rcp. -Selección galega XV.
Directora técnica	Vanessa Rial López	-CRAT Coruña -Selección española XV -Selección española VII -Selección Galega XV -Directora de campus da federación galega. -Campiona de España.
Vicepresidente	Gonzalo Fernández	-Xogador Ingleses rc



	Fernández	-Selección galega XV
Secretario	Hadrian Otero	-Xogador CRAT Coruña -Xogador Ingleses rc -Selección galega XV
Tesoureiro	Angel Sixto Santos	-Xogador CDU Santiago -Xogador Barbanza RC
Vocal e relacións arbitrais	Jesús Moure Rosende	-Árbitro federación galega -Xogador Ingleses rc -Xogador Barbanza rc -Xogador CRAT Coruña -Xogador Vigo rugby -Selección española junior -Selección galega XV
Vocal, relacións institucionais e subvencións	Carlos Sastre (Avogado da Xunta)	-Xogador Barbanza RC.
Vocal responsable informático	Indalecio Freiría	-Xogador Ingleses RC.
Vocal, deseñador e responsable publicidade.	Raul Costas	-Xogador Santiago RC.
Delegado e Community manager	Francisco Pérez	-Xogador Barbanza RC
Grupo técnico	Martín Outeiral Seco	-Xogador Barbanza RC -Xogador Ingleses RC -Xogador Mareantes RC -Selección Galega sb19 XV
Grupo técnico	Sergio Dieste	-Xogador Barbanza RC
Grupo técnico	Diego Domínguez	-Xogador Barbanza RC



## **2.Os valores do Rugby.**

Todo o mundo que coñece o Rugby, tanto dende dentro das trincheiras como xogador ou dende fora nas bancadas ollando o transcórrese dun partido, sabe que este deporte trae consigo implicitamente na súa forma de vida como na socialización uns valores morais de gran importancia. Estes valores foron forxados dende hai décadas, o que fai que se distinga de outros deportes, e incluso sexa noticia en moitos medios de comunicación.

Existe un dito que di “O rugby é un deporte de villanos, xogado por cabaleiros”, o cal ó define a perfección. Tanto os cativos como as persoas que comezan a xogar tardiamente, ensínanselle una serie de calidades positivas, que implica **SER UN XOGADOR DE RUGBY** como son:

- Compromiso.
- Compañeirismo.
- Humildade e Honestidade.
- Motivación.
- Disciplina, e
- Respecto.

Cavilemos un pouco, por exemplo, no **COMPROMISO** como a capacidade que temos de tomar conciencia da importancia que ten cumprir co desenrolo do noso traballo. Asumímoloo con profesionalidade e responsabilidade, con una actitude de total entrega, non escamoteando un chisco de esforzo. Igualmente no rugby todos xogan en beneficio do equipo e non no propio.

No **COMPAÑEIRISMO**, que nos axuda a pensar e actuar sempre en equipo, a estar totalmente involucrados, pensando que cada persoa somos un elemento imprescindible (no rugby poden xogar altos, baixos, fortes, delgados, etc.), que traballando coordinados pódense alcanzar todo tipo de obxectivos grazas aos distintos talentos de cada persoa.

Na **HUMILDADE** e **HONESTIDADE** que nos axuda a recoñecer a diversidade de talentos e pensar que hai espazo para cada un deles. O resultado será o esforzo de todos. Un excesivo individualismo é un obstáculo para gañar o partido, para alcanzar obxectivos, para facer equipo.

Ou a **MOTIVACIÓN** entendida como ganas, como actitude positiva, que pode chegar a transformar as nosas debilidades en fortalezas grazas ao esforzo e ao adestramento.

A **DISCIPLINA**, o sacrificio e o altruísmo, e é sen estes valores cando a súa práctica faise, canto menos, moi complicada. A diferenza doutros deportes de equipo, no rugby os xogadores nunca discuten aos árbitros as súas decisións, nin tratan de enganalos para sacar un beneficio propio.

E como non, o **RESPECTO** como a esencia de todas as relacións humanas. O respecto crea un ambiente de cordialidade e permite que aceptemos as limitacións e virtudes alleas. Lonxe está este valor da procura do éxito efémero, do desexo de gañar a calquera prezo ou de calquera xeito, do egoísmo ou individualismo tan alleo ao mundo do rugby.

No valor do sacrificio que implica un esforzo extra para alcanzar un beneficio maior, vencendo a comodidade. Fai falta valor, perseveranza e superación para crecer día a día.



### **3.Os obxectivos do clube.**

Como calquera institución, para desenrolar a nosa actividade como colectivo é necesario marcarnos uns obxectivos tanto a curto como a longo prazo.

Como non podería se de outra maneira, o primeiro obxectivo é ser o equipo referencia de todo o Barbanza, e chegar a facer un equipo competitivo en Galicia; e como ten que ser, contando sempre con xogadores da Comarca como obxectivo principal.

Para todo isto, a directiva como os xogadores tomamos as rendas deste proxecto para levar a cabo varios obxectivos tanto deportivos, sociais, económicos, de captación e eventos a realizar.

A continuación expoñeremos os que temos a curto e medio prazo:

#### OBXECTIVOS DEPORTIVOS

- Creación dun equipo Masculino Sénior e Feminino competitivo, para as vindeiras tempadas.
- Creación de CANTEIRA, mediante a creación de escolas deportivas. Para iso crear delegacións nos respectivos concellos das comarcas.
- Continuación dos proxectos comezados até o momento, Torneo de Rugby Praia Vila de Boiro e Rianxo.

#### OBXECTIVOS SOCIAIS

- Colaborar coas asociacións de todo o Barbanza, desenrolando unha laboura de inclusión Social. Para iso traballar cos servizos sociais dos concellos, como con asociacións de discapacitados, asociacións de mulleres, inmigrantes, etc.
- Desenrolo do DEPORTE FEMININO na comarca.
- Participar activamente en Xornadas do deporte de todos os Concellos da comarca.
- Recollida de alimentos.
- Realizar campañas e movementos sociais nos concellos.
- Favorecer o carácter familiar do mesmo, grazas o "Terceiro tempo" e diferentes días do clube.
- Seguir apostando polo traballo en equipo a nivel organizativo e de xestión.
- Fomentar os valores do rugby a toda a Comarca.

#### OBXECTIVOS ECONÓMICOS

Como asociación sen ánimo de lucro, a nosa meta non é gañar diñeiro, senón aportar a



sociedade e sufragar os gastos para a supervivencia económica da entidade deportiva. Como primeira fase dos obxectivos económicos comezaremos por:

-Facer unha xestión clara e ben xestionada.

-Comezar coa auto-financiación, a través dos medios que cada directivo ou xogador poida dispoñer.

-Asinar acordos con entidades públicas e privadas, para dar PUBLICIDADE e traballar con elas, en todos os eventos que se realicen no ámbito físico, como en todas as redes sociais.

-Captación de Socios, como outra fase de financiación.

-Realización de eventos para recadación de fondos.

### OBXECTIVO DE CAPTACIÓN

Outro punto importantísimo no noso desenrolo como entidade deportiva é a captación de Xogadores, Socios e Patrocinadores.

-A captación de XOGADORES de todos os concellos do Barbanza, realizando a visita a colexios, institutos, publicidade en redes sociais, prensa, etc.

Ademais de, realizar clinics e concentracións con adestradores da federación.

-A Captación de SOCIOS, contando con distintas empresas da comarca, para realizar descontos para os socios que merquen nos establecementos adheridos, así como beneficios para o clube e empresas.

-Captación de PATROCINADORES, o cal se lle ofrecerá as opcións de que obteñan publicidade nas equipacións deportivas, así como carteleiras, murais no terreo de xogo, e publicidade en todas as redes sociais.

### EVENTOS A REALIZAR E PARTICIPAR:

Eventos deportivos.

-VI TORNEO DE RUGBY PRAIA VILA DE BOIRO. Con carácter benéfico, como xa realizamos en edicións anteriores, chegando a ter rapazas da selección española de rugby, con Vanessa Rial encabezando a escadra.



-II TORNEO DE RUGBY PRAIA VILA DE RIANXO. Como xa se veu a edición pasada, Rianxo tamén vai ser un punto importante no desenvolvemento do Rugby na comarca.



-Eventos en todos os concellos da comarca, como por exemplo:

- a. Un torneo de Nadal de Rugby VII, sendo esta categoría olímpica para Rio 2016;
- b. Torneos de Veteranos.
- c. Concentración da federación galega de categorías inferiores.
- d. Partido da Selección Galega Sb-21 o 14 de Febreiro.
- e. Cursos de árbitros.

-Participación en torneos de SEVEN e PRAIA, para dar a coñecer a comarca, previstos para a vindeira tempada, 2016:

- o Praia de Sanxenxo.
- o Praia de Nigrán.
- o Seven de Figueira de Foz (Portugal).
- o Seven de Leon.
- o Praia de Luanco.



- oSeven de Navia de Suarna.
- oSeven Tiburón Valencia.
- oSeven de As Pontes.
- oSeven Santiago de Compostela.

Eventos institucionais.

-Promocionar a Comarca a nivel galego, como a nivel estatal, coa presenza en torneos, amigables, redes sociais , eventos.

-Realización de dunha carpa para o San Patricio.

-Colocación de un stand no Feirón mariñeiro.

-Difusión do clube por todos os medios dispoñibles, así como radio, prensa e tv local.

-Mellorar a participación das administracións locais na organización e xestión das competicións locais.

-Participación do día do deporte nos respectivos concellos.

-Promocionar o Barbanza e os seus concellos.

#### **4.Equipación, imaxe do clube.**

O Club De Rugby Barbanza acabamos de facer unha renovación integral da nosa imaxe. Comezando co escudo, integrando simboloxía da zona, como son as sereas, e creamos isto:



Incluso imos máis aló, pois levaremos o Barbanza como coraza nos nosos peitos, por iso as equipacións créamolo da seguinte maneira:



Pois como vemos o símbolo por excelencia e a comarca do Barbanza, gardando as cores do antigo equipo, que eran o morado, laranxa e negro.





### **5. Terreo de Xogo, instalacións:**

Como instalación, contaremos coa cesión do CAMPO DE SANTA LUCIA de Asados(Rianxo), que cedido pola comunidade de montes e o concello de Rianxo.

O Barbanza rugby clube, realizará a adecuación do campo para a practica segura do rugby, onde traballando de forma conxunta todos os membros da comunidade rugbística.

Isto non implica que so desenrolemos a nosa actividade no concello de Rianxo, senón que estenderemos as actividades en toda a comarca.